



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

**Expediente:** 2024/X999/000114

**Asunto:** Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o período 2024-2026

## PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SADA - PERÍODO 2024/2026

### ÍNDICE

1. [CONSIDERACIÓNS XERAIS](#)
  - a. [Introdución](#)
  - b. [Contexto normativo](#)
2. [NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN](#)
3. [CONTIDO DO PLAN](#)
4. [COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN](#)
5. [ÁMBITO SUBXECTIVO](#)
6. [ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN](#)
7. [ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN](#)
  - a. [Misión](#)
  - b. [Obxectivos estratéxicos](#)
  - c. [Principios xerais](#)
8. [LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN](#)
9. [BENEFICIARIAS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN](#)
  - a. [Persoas e entidades beneficiarias](#)
  - b. [Procedementos de concesión](#)
10. [EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO](#)
  - a. [Efectos](#)
  - b. [Prazos de execución](#)
  - c. [Custos previsibles](#)
  - d. [Financiamento](#)
11. [CONTROL E SEGUIMENTO](#)
  - a. [Control do Plan Estratéxico](#)
  - b. [Seguimento e indicadores de cumprimento dos obxectivos](#)
12. [TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS](#)

[ANEXO I: PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SADA 2024-2026](#)

[ANEXO II: RESUMO AVALIACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023](#)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

### Introdución

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

As subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, polo tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria e xestionarse segundo os criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

A Lei Xeral de Subvencións supón un paso máis no proceso de racionalización do noso sistema económico, en conxunto con outras medidas e reformas que se viñeron instrumentando con esta finalidade.

Un dos principios que rexen esta lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan. A lei tamén establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia incrementa de forma directa os niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público de fomento.

A LXS establece, como elemento de xestión e instrumento da devandita mellora, a necesidade de elaborar en cada Administración Pública un Plan Estratéxico de Subvencións (PES), que permita relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, indicando os custos previstos e o seu financiamento. Trátase dunha medida de mellora da eficacia coa finalidade de planificar os recursos dispoñibles adecuar ás necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións, con carácter previo á concesión.

O Regulamento da Lei 38/2003 expón que se debe establecer un sistema de seguimento e control, coa avaliación de obxectivos, para modificar ou eliminar aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado, ou ben mellorar progresivamente as subvencións e innovar novas liñas que poidan ser máis eficaces e eficientes.

As subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral. Tamén articulan un procedemento de colaboración entre a Administración pública e a cidadanía para a xestión de actividades de interese público.

As subvencións poden ser de distinta natureza e responder a unha grande diversidade de obxectivos e finalidades, que se conceden a través de procedementos complexos. Polo tanto, deben ser obxecto dun seguimento, avaliación e control eficaces.

O plan estratéxico debe servir para conectar os obxectivos e os efectos que se pretenden



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

conseguir, e facilitar a xestión da concesión de subvencións respectando os principios de transparencia e de equilibrio orzamentario.

### Contexto normativo.

O Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto na exposición de motivos da LXS, con carácter xeral. De forma específica recóllese no establecido no artigo 8 da dita norma, e, especialmente, nos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en adiante RLXS.

A LXS introduce a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, como elemento de xestión e como instrumento para mellorar a eficacia nas actuacións das Administracións Públicas. O Plan permitirá relacionar os obxectivos a alcanzar os efectos que se pretenden conseguir, recollendo o prazo necesario para a súa consecución, os custos previstos e o seu financiamento. Deste xeito conseguirase o obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións e os recursos dispoñibles, con carácter de planificación previa á concesión.

O artigo 8.1 da LXS recolle que «*Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*». O dito artigo 8 da LXS desenvólvese nos artigos 10 a 15 do RLXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. Estes artigos establecen cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento, avaliación e control que debe realizarse do mesmo.

O artigo 11 do RLXS establece que os plans estratéxicos deberán axustarse ás restricións que se determinen para cada exercicio para cumprir cos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria. O PES conterá previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

O marco normativo xeral complementábase coas seguintes normas e instrumentos relacionados coa potestade regulamentaria que se atribúe ás entidades locais polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

- As Normas Municipais de Execución Orzamentaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos Orzamentos.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local
- Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O PES deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se expoñan deberán estar recollidas no citado Plan. As subvencións xestionaranse con axuste aos seguintes principios xerais:

- a. Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Na elaboración deste Plan estratéxico participaron todas as Áreas Municipais con acción de fomento, responsables da xestión de subvencións no Concello de Sada.

## 2. NATUREZA XURÍDICA E OBXECTO DO PLAN.

O PES é un instrumento que conxuga por unha parte os principios xerais inspiradores que regularán a concesión das subvencións e a súa xustificación e, por outra, establece as medidas de control das subvencións para permitir, unha vez concedidas, perfeccionar as que se concedan no futuro e corrixir as desviacións observadas.

A finalidade do PES é a de conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles, dentro do respecto ás limitacións que derivan do principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais, o PES ten unha natureza de instrumento de xestión de carácter programático, sen rango normativo. Isto supón que carece de incidencia directa na esfera de potenciais beneficiarias das axudas, polo que non crea dereitos nin obriga cara elas. A súa efectividade estará condicionada á execución das diferentes liñas de subvención previstas, atendendo, entre outros condicionantes, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Polo tanto, a convocatoria e tramitación das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión.

O PES será un instrumento para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poderá continuar esa acción á vez que se racionalizan os recursos, mediante o control dos criterios de eficacia.

En definitiva, o PES debe ser un instrumento eficaz para a xestión pública e para a distribución racional dos recursos económicos, en beneficio das políticas públicas, que facilitará a consecución dos obxectivos que ten encomendados o Concello de Sada a través das competencias das distintas Áreas que o integran. Unha das súas principais utilidades é a de sistematizar as distintas liñas de subvencións previstas nos orzamentos. Deste xeito contribúe a avaliar as repercusións da actual política de subvencións, por medio dos informes de



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

avaliación e o seguimento e control do plan.

### 3. CONTIDO DO PLAN.

O contido do PES axustarase ao previsto no artigo 12 do RLXS, que prevé a súa avaliación e seguimento e que define o contido do Plan deste xeito:

«1.- Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que deberán estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten o mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei xeral de subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán detallarse os seguintes aspectos:

1. Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.
2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
3. Prazo necesario para a súa consecución.
4. Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.
5. Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras das Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

2.- O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos casos de subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.

3.- Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.»

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para o período 2024-2026 recóllese no apartado do ANEXO I, no que se especifica:

- Obxectivos estratéxicos.
- Áreas de competencia afectadas.
- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Ámbito temporal e prazos necesarios para a súa consecución.
- Custos previsibles e fontes de financiamento.
- Plan de acción.
- Réxime de seguimento e avaliación.
- Réxime e modalidade de concesión.
- Persoas e entidades beneficiarias - destinatarias.
- Aplicacións orzamentarias e créditos correspondentes.

#### 4. COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non está establecido na normativa, pero tendo en conta que as bases de subvención e de execución do orzamento corresponden ao Pleno e a convocatoria de subvencións ao Alcalde, así como que a previsión de aplicación é plurianual, sométese a aprobación ao Pleno. As modificacións puntuais que afecten a unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola Alcaldía, que posteriormente dará conta ao Pleno.

Unha vez aprobado será publicado no portal de transparencia da páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)) para o seu coñecemento público, así como no Boletín Oficial da Coruña e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

#### 5. ÁMBITO SUBXECTIVO.

Este Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada pretende incluír todas as subvencións que concederán as distintas áreas municipais e que expresan a acción de fomento do Concello de Sada. Abarcará todas as modalidades de plans, subvencións, premios e becas que xestionen as diferentes áreas de competencia municipal.

Non están incluídas no ámbito do presente plan por non ter consideración de subvencións, segundo establece o artigo 2.2 da LXS, aquelas achegas económicas que o Concello de Sada efectúa a outras administracións públicas para financiar globalmente a actividade ou programas da administración á que vaian dirixidas, ou entidades ás que pertence o propio Concello, que actualmente son as achegas a programas xantar na casa (plan autonómico), centro de día (plan autonómico), escola infantil Galiña Azul (plan autonómico), transporte metropolitano (plan autonómico), subvencións a grupos municipais, Consorcio As Mariñas, Asociación Mariñas-Betanzos.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## 6. ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN.

O PES do Concello de Sada para o período 2024-2026 terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así os anos 2024, 2025 e 2026. Porén, algunha das liñas de subvención poderá ter unha vixencia inferior e tamén será posible incorporar novas liñas en función das necesidades detectadas ou das recomendacións que xurdan da análise, seguimento e avaliación do funcionamento do Plan.

Polo tanto, segundo o resultado dos informes de seguimento e segundo as posibilidades orzamentarias, será posible modificar liñas, substituílas por outras ou mesmo eliminar algunha liña de subvencións das establecidas neste plan, na procura de mellorar a acción de fomento e cubrir as demandas e necesidades sociais do xeito máis eficaz e eficiente do que sexamos capaces.

Cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse en calquera aspecto do seu contido, ben sexa polos resultados dos informes de seguimento e de consecución dos obxectivos, ben sexa para adecuar mellor os recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificadas.

No caso de que se pretenda introducir algunha liña de subvención non prevista no presente PES, necesitarase aprobar con carácter previo ou simultáneo a modificación do Plan. Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios. A área responsable das liñas modificadas deberá acreditar este feito no expediente correspondente.

## 7. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.

### **Misión.**

Representa a razón de ser do conxunto da actividade de fomento do Concello de Sada:

Fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou de interese social, promover a consecución de fins públicos atribuídos pola normativa do réxime local e o resto do ordenamento xurídico ás entidades locais. Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promover a inclusión social das persoas mediante axudas económicas a quen se atope en determinadas situacións de vulnerabilidade social, na defensa do principio de igualdade de oportunidades.

### **Obxectivos estratéxicos e xerais.**

En canto aos obxectivos prioritarios atópanse:

- O fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico.
- Potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

municipal.

Os obxectivos xerais deste PES e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Sada para o período 2024-2026 serán:

- Planificar as políticas municipais en materia de fomento e dotar ao Concello dun instrumento de planificación das políticas públicas con finalidade de fomentar actividades de utilidade pública ou interese social relacionadas cos ámbitos de competencia municipal, cumprindo o establecido no artigo 8.1 da LXS.
- Establecer e normalizar un conxunto de principios e normas de xestión comúns para o conxunto das diferentes liñas de subvencións das diferentes áreas do concello.
- Mellorar a eficacia e a eficiencia da xestión das subvencións, coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- Regular o réxime ao que se axustará a concesión e xustificación das diferentes subvencións a convocar polo concello.
- Mellorar a transparencia, o acceso á información pública e o bo goberno.

### **Principios xerais.**

A regulación xurídica en materia de subvencións, así como das administracións públicas, establece uns principios xerais de actuación, que serán elementos fundamentais do PES e que rexerán a xestión municipal en materia de subvencións:

Principio de publicidade: garantirase a publicidade do contido da convocatoria e a publicidade das subvencións concedidas, sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido na LXS, nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Sada e na restante normativa de aplicación.

Principio de libre concorrencia: materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir as beneficiarias, garantindo o acceso de quen se atope en igualdade de condicións, de tal xeito que se garanta a concorrencia e a igualdade na distribución de fondos públicos. Todo isto sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas disponibilidades orzamentarias.

Principio de obxectividade: a concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria, para garantir o coñecemento previo dos mesmos polas potenciais beneficiarias.

Principios de transparencia, igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos: observaranse os principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

Principios de eficacia e eficiencia: eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados, establecendo un procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e da eficiencia na asignación de recursos públicos. Valoraranse as subvencións e a asignación de axudas aos proxectos máis eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e de regra de gasto: a concesión de subvencións axustarase ao principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e á regra de gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

Igualdade efectiva entre homes e mulleres. A través das diferentes subvencións, o Concello de Sada tratará de contribuír a aumentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, podendo establecer criterios de valoración específicos con este obxecto. Deste xeito darase cumprimento ao establecido no artigo 35 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, así como ao Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

#### 8. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.

As liñas estratéxicas de actuación recóllense na seguinte táboa e serán descritas con maior detalle no ANEXO I.

LIÑA ESTRATÉXICA	ÁREA COMPETENCIAL
1	<a href="#">Promoción Económica e Emprego</a>
2	<a href="#">Acción social</a>
3	<a href="#">Promoción cultural, lecer e actividades festivas</a>
4	<a href="#">Promoción da actividade física e do deporte</a>
5	<a href="#">Educación</a>
6	<a href="#">Protección civil e seguridade</a>

#### 9. BENEFICIARIAS E PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN.

##### **Persoas e entidades beneficiarias.**

Terá a consideración de beneficiaria de subvencións a persoa ou entidade que realice a actividade que fundamentou o outorgamento da subvención, ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

##### **Procedementos de concesión.**

O Concello de Sada, concederá subvencións con carácter xeral mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou a través de concesión directa a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

poida levar a cabo os proxectos ou actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

- Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
- Fomentar unha actividade de interese social.
- Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza.
- Contribuír á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Establécense os seguintes tipos de procedementos na concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Sada por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

## 10. EFECTOS, PRAZOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN, CUSTOS PREVISIBLES E FINANCIAMENTO.

### **Efectos.**

A actuación de fomento en xeral pretende promover a realización de actividades de utilidade pública ou interese social, e este PES en particular pretende desenvolver ou canalizar esas actividades con intención de facilitar oportunidades aos diferentes sectores sociais do municipio para desenvolver proxectos que respondan ás súas necesidades, tanto sociais, profesionais, como de lecer. Por iso, a actividade de subvención pretende conseguir:

- Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e as persoas particulares para a xestión de actividades de interese público.
- Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promover a inclusión social das persoas, mediante axudas económicas a quen se atope en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.
- Desenvolver e impulsar o tecido social e económico municipal.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

O PES non xera dereito algún a favor das potenciais beneficiarias, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

En cada liña de actuación definiranse os efectos básicos agardados.

Así mesmo, deberanse ter en conta accións tendentes ao fomento de calquera actividade de interese xeral, para o que se poderán canalizar fondos que cada ano se asignen no orzamento municipal con destino a estas subvencións.

### **Prazos de execución.**

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período lexible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións, nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a lexislación vixente.

### **Custos previsibles.**

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións en caso de concorrencia competitiva, ou, en casos específicos, das ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión, ou o acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra de gasto.

Os custos en cada caso limítanse á cantidade que anualmente se fixe no orzamento xeral do Concello de Sada.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ao seu importe.

### **Financiamento.**

As subvencións a que fai referencia este plan estratéxico fináncianse con cargo aos créditos correspondentes do orzamento municipal, consignados nas aplicacións orzamentarias que se especifican no mesmo.

## **11. CONTROL E SEGUIMENTO.**

### **Control do Plan Estratéxico.**

O Concello de Sada realizará o control e seguimento do PES de forma anual, en dous ámbitos:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

1. Control económico - financeiro das subvencións concedidas: encomendado á Intervención do Concello de Sada, o control realizarase segundo as condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que determine a Intervención Xeral.
2. Control e seguimento do PES co obxecto de:
  - Modificar ou actualizar as liñas de subvención que poidan perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
  - Actualizar os importes daquelas liñas que se manteñan.
  - Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para acadar os obxectivos establecidos.

Para o seguimento anual do PES cada Área procederá a remitir nos prazos establecidos en cada subvención ou, en todo caso, no primeiro semestre do exercicio seguinte, unha memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

Información de cada liña de subvención	Con información sobre as subvencións concedidas, xustificadas e renunciadas, así como as denegadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro)
Grao de cumprimento dos obxectivos e prazo de consecución	Deberase especificar os indicadores de cumprimento dos obxectivos específicos para cada liña de subvención
Repercusións orzamentarias e financeiras	Detalle do resultado económico de cada liña
Suxestións para elaborar o seguinte Plan estratéxico	En función das conclusións e resultados obtidos na avaliación das subvencións concedidas

Proposta de indicadores orientativos a ter en conta nas memorias xustificativas, adaptables en función das características de cada liña:	
Indicadores xerais de seguimento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de solicitudes recibidas</li> <li>- Núm. de subvencións concedidas</li> <li>- Núm. de subvencións e importes correctamente xustificadas</li> <li>- Núm. de renuncias e de denegacións</li> <li>- Núm. de subvencións reintegradas ou en procedemento de reintegro</li> </ul>
Efectos obtidos	Medición dos indicadores específicos establecidos para os obxectivos de cada liña de subvención, segundo os cadros recollidos no ANEXO I
Conclusións e valoracións globais das subvencións convocadas por cada área	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de subvencións convocadas en relación co número previsto no PES</li> <li>- Relación entre os importes concedidos e os orzamentos previstos</li> <li>- Núm. de subvencións de concorrencia competitiva e núm. de subvencións nominativas</li> <li>- Valoración da contribución das subvencións convocadas aos</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	obxectivos estratéxicos establecidos para cada área
--	---

Cando o conxunto das memorias xustificativas e de avaliación estean rematadas darase conta dos resultados ao Pleno municipal.

#### **Seguimento do Plan Estratéxico: Indicadores de cumprimento de obxectivos.**

Os indicadores establecidos para cada unha das liñas contrastaranse cos indicadores obtidos no exercicio anterior. Establécese como referencia un grado de cumprimento de obxectivos cunha variación de +/- 10% , entendendo cumprido o obxectivo cando a variación non supere esa cifra. As liñas de subvención que como resultado medio dos últimos 3 exercicios superen o 10% serán obxecto de valoración, para determinar si é necesario modificalas ou mesmo suprimilas. No seu caso, deberá motivarse o seu mantemento.

#### **12. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS**

Cada área responsable das liñas de subvención convocadas deberá remitir os resultados para a súa publicación na web municipal, no portal de transparencia e para dar conta á Base Nacional de Subvencións, consonte establece o artigo 20 da LXS. Nas publicacións deberán indicar as entidades receptoras de axuda, as contías e os proxectos ou actividades aos que van destinadas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO I - PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS PERÍODO 2024 - 2026.

### LIÑA ESTRATÉXICA 1: PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Obxectivos estratéxicos	Apoiar o desenvolvemento económico e social de Sada mediante a promoción comercial, empresarial e turística.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoiar ás traballadoras autónomas e pemes do termo municipal.</li> <li>2. Impulsar actividades que favorezan a dinamización económica no sector comercial no Concello de Sada.</li> <li>3. Impulsar actividades que favorezan a dinamización económica no sector da hostalaría no Concello de Sada.</li> <li>4. Mellorar e impulsar o sector empresarial e protexer o emprego no termo municipal con especial atención á creación de condicións para fixar poboación no termo municipal.</li> <li>5. Fomentar a actividade das entidades asociativas de representación sectorial.</li> <li>6. Promover a actividade empresarial relacionada co turismo a nivel local e facilitar a capacitación e cualificación para mellorar as posibilidades das persoas demandantes de emprego.</li> </ol>
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	<p>LS 1.1 – Subvención municipal dirixida a entidades de representación sectorial para actividades de promoción económica nos sectores do comercio e a hostalaría do Concello de Sada.</p> <p>LS 1.2 - Subvención municipal dirixida a entidades de representación sectorial para actividades de participación, innovación, emprendemento e ornamentación para dinamizar os sectores do comercio e a hostalaría do Concello de Sada durante a celebración da Feira Modernista de Sada.</p>

LS 1.1 – Subvención municipal dirixida a entidades de representación sectorial para actividades de promoción económica nos sectores do comercio e a hostalaría do Concello de Sada.

Áreas de competencia desenvolvidas	PROMOCIÓN ECONÓMICA
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro con finalidade de representación sectorial do comercio e a hostalaría do Concello de Sada
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a organización de actividades tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, fomentar o emprego e apoiar a actividade comercial e hostaleira.</li> <li>2. Apoiar actuacións sectoriais para a comercialización e promoción da calidade dos produtos de proximidade e dos establecementos comerciais e hostaleiros do termo municipal.</li> <li>3. Fomentar a organización de actividades formativas para a cualificación dos profesionais do sector comercial e hostaleiro do Concello de Sada.</li> <li>4. Promover a organización de actividades de promoción, difusión e animación do comercio local, como campañas específicas en épocas sinaladas, accións de decoración e animación nas zonas comerciais, publicidade sectorial.</li> <li>5. Promover a organización de actividades de promoción, difusión e animación da hostalaría local, como campañas en épocas sinaladas, accións temáticas e de animación nas zonas turísticas e hostaleiras, publicidade sectorial.</li> </ol>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Efectos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incremento do número de actividades de promoción e dinamización dos sectores comercial e hostaleiro do Concello de Sada.</li> <li>- Fortalecemento das iniciativas innovadoras e a cultura de emprendemento a nivel local.</li> <li>- Impulso da colaboración entre axentes do sector do comercio e da hostalaría para defender os intereses comúns.</li> <li>- Creación de novas liñas de estímulo e apoio á actividade do comercio e a hostalaría a nivel municipal.</li> </ul>
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 4311.48000, 6.000 euros
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese a aprobación das bases da convocatoria e a súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de entidades solicitantes e núm. de entidades beneficiarias.</li> <li>- Relación do número de solicitudes en relación cos anos anteriores.</li> <li>- Relación dos importes solicitados en relación cos anos anteriores.</li> <li>- % medio que supón a achega municipal sobre o total dos orzamentos de gasto dos proxectos presentados.</li> <li>- % de execución do orzamento dispoñible inicialmente.</li> <li>- Núm. de actividades de promoción realizadas, segundo as súas características.</li> <li>- Núm. de días de duración de cada acción, evento ou campaña.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

### LS 1.2 - Subvención municipal dirixida a entidades de representación sectorial para actividades de promoción económica nos sectores do comercio e a hostalaría do Concello de Sada en relación coa celebración da Feira Modernista de Sada.

Áreas de competencia desenvolvidas	PROMOCIÓN ECONÓMICA
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro con finalidade de representación sectorial do comercio e a hostalaría do Concello de Sada
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a organización de actividades e accións para impulsar formas de implicación dos sectores comercial e hostaleiro do Concello de Sada na Feira Modernista de Sada.</li> <li>2. Apoiar actuacións sectoriais para a promoción da calidade dos produtos de proximidade e dos establecementos comerciais e hostaleiros do termo municipal durante a celebración da Feira Modernista de Sada.</li> <li>3. Promover a organización de actividades innovadoras para promover, difundir e animar o comercio local, como campañas específicas e temáticas ou con accións de decoración e animación nas zonas comerciais do Concello de Sada, acompañando a celebración da Feira Modernista.</li> <li>4. Promover a organización de actividades innovadoras para promover, difundir e animar a hostalaría local, como campañas específicas e temáticas ou accións</li> </ol>





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	de decoración e animación nos establecementos hostaleiros do Concello de Sada, acompañando a celebración da Feira Modernista.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incremento do número de actividades de promoción e dinamización dos sectores comercial e hostaleiro do Concello de Sada en relación coa celebración da Feira Modernista.</li> <li>- Fortalecemento das iniciativas innovadoras e a cultura de emprendemento a nivel local para incentivar a implicación na celebración da Feira Modernista.</li> <li>- Impulso da colaboración entre axentes do sector do comercio e da hostalaría para defender os intereses comúns.</li> </ul>
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 4311.48000, 4.000 euros
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese a aprobación das bases da convocatoria e a súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de entidades solicitantes e núm. de entidades beneficiarias.</li> <li>- Relación do número de solicitudes en relación cos anos anteriores.</li> <li>- Relación dos importes solicitados en relación cos anos anteriores.</li> <li>- % medio que supón a achega municipal sobre o total dos orzamentos de gasto dos proxectos presentados.</li> <li>- % de execución do orzamento dispoñible inicialmente.</li> <li>- Núm. de actividades de promoción realizadas, segundo as súas características.</li> <li>- Núm. de días de duración de cada acción, evento ou campaña.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2: ACCIÓN SOCIAL

Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión social de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de
-------------------------	---



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	desprotección e de exclusión social.
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>Promover a autonomía e atención das persoas en situación ou risco de dependencia para evitar situacións de illamento e soidade, favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.</li> <li>Promover a integración social de persoas e colectivos máis desfavorecidos e paliar as súas dificultades e necesidades básicas para contribuír a que acaden unhas condicións de vida dignas.</li> </ul>
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 2.1 Axudas emerxencia social. LS 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía da persoa.

### LS 2.1 Axudas emerxencia social.

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	Promover la autonomía e atención de persoas en risco de exclusión social favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Contribución á mellora da calidade de vida de aqueles colectivos sociais en situación de risco de desprotección e exclusión
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026. Partida orzamentaria 23100.48001, 65.000€
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concesión directa. As solicitudes presentaranse conforme ao regulamento. Presentadas as solicitudes en forma, previo informe dos servizos sociais, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarse despois e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas bases
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Núm. de persoas solicitantes.</li> <li>% de execución do orzamento da convocatoria.</li> <li>% de incremento ou de redución de persoas en situación de risco.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

### LS 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía das persoas.

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"><li>- Promover a actividade das entidades que traballan para aumentar a autonomía e integración das persoas en situación de diversidade funcional, vulnerabilidade ou dependencia.</li><li>- Promover a autonomía e atención de persoas en risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento, favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual.</li><li>- Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física, psíquica e intelectual, sensorial ou afectadas por doenzas crónicas.</li><li>- Estender o número e alcance dos proxectos dirixidos a mellorar a integración e a autonomía das persoas con diversidade funcional.</li><li>- Mellorar a calidade de vida e aumentar a autonomía e a integración das persoas en situación de vulnerabilidade, diversidade funcional, afectacións crónicas ou situacións de illamento social e desprotección.</li><li>- Fomentar programas específicos como o de «vacacións en paz» ou os campamentos solidarios.</li></ul>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"><li>• Reducir o número de persoas en situación de vulnerabilidade.</li><li>• Mellorar a integración dos colectivos sociais en risco de exclusión, remover barreiras para ampliar o acceso unhas condicións de vida dignas.</li><li>• Mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de exclusión, vulnerabilidade social e económica de colectivos como as persoas con diversidade funcional, extrema pobreza, trastornos e patoloxías crónicas e de dependencia.</li></ul>
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026. Partidas orzamentarias: 2310.48016. Importe total: 18.240 euros, co seguinte detalle: Aspace, para actividades de participación e inclusión das persoas usuarias empadroadas en Sada no seu entorno artístico e para actividades de fomento da capacidade artística e creativa a través da cerámica, 7.200€. Aspace patronato, actividades da Fundación, 1.440€ Cáritas, bolsa de alimentos, 3.600€ Cruz Vermella, financiamento de actividades e gastos de funcionamento, 3.600€. Solidariedade galega do Pobo Saharai, para axuda alimentaria e programas de mellora das condicións de vida nos campamentos de refuxiados saharais, 2.400€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"><li>- % de execución do orzamento.</li><li>- Núm. de actividades realizadas.</li><li>- % de incremento de actividades realizadas en relación co ano anterior.</li><li>- Núm. de persoas beneficiarias que se beneficiaron dos proxectos subvencionados e melloraron a súa situación persoal.</li></ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	- % de incremento de persoas beneficiarias en relación co ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

### LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROMOCIÓN CULTURAL, LECER E ACTIVIDADES FESTIVAS

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promover a tradición e cultura galega e sadense a través do fomento de actividades que aportan un maior valor cultural ao municipio.
-------------------------	---



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
 Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
 15160 Sada  
 (A Coruña)  
 Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

<p>Obxectivos específicos</p>	<p>Apoiar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade.          Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector das artes escénicas ou a celebración de festivais.          Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións de Sada e as súas parroquias.          Apoiar a realización de investimentos relacionados coa organización das actividades sinaladas nos anteriores puntos.</p>
<p>Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación</p>	<p>LS 3.1 Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais.          LS 3.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Sada para a organización de festas patronais parroquiais.          LS 3.3. Concurso de disfraces e carrozas do Entroido en Sada.          LS 3.4. Mostra de teatro afeccionado de Sada. Premios Lúgrís Freire.          LS 3.5. Subvención nominativa á Fundación Sargadelos para os gastos de persoal relacionados coa apertura, interpretación, atención ao público e mantemento do Museo de arte contemporánea Carlos Maside.</p>

### LS 3.1. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para organización de actividades culturais

<p>Áreas de competencia afectadas</p>	<p>CULTURA</p>
<p>Sectores aos que se dirixen as axudas</p>	<p>Entidades sen ánimo de lucro</p>
<p>Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Organizar actividades de promoción da cultura.</li> <li>2. Fomentar a participación cidadá na cultura e na súa difusión.</li> <li>3. Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etc.</li> <li>4. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.</li> <li>5. Colaboración entre administracións.</li> </ol>
<p>Efectos que se pretenden coa súa aplicación</p>	<p>Desenvolvemento cultural</p>
<p>Prazo necesario para a súa consecución</p>	<p>Anual (do 1 de xaneiro ao 8 de decembro)</p>
<p>Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento</p>	<p>Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 3340.48000, 20.000€</p>
<p>Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan.</p>	<p>Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.</p>
<p>Réxime de seguimento e avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de entidades solicitantes e número de entidades beneficiarias.</li> <li>- % de incremento de solicitudes sobre o ano anterior.</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de actividades anuais organizadas, tanto de curta como de longa duración.</li> <li>- % de incremento do orzamento empregado polas entidades solicitantes na execución dos seus programas culturais.</li> <li>- Importe medio da achega municipal concedida.</li> <li>- % de execución sobre o orzamento dispoñible na convocatoria.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

### LS 3.2. Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Sada para organización de festas patronais parroquiais

Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades do Concello de Sada organizadoras de festas patronais parroquiais
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Organizar celebracións e festexos da festividade patronal de cada parroquia.</li> <li>2. Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos do interese da parroquia.</li> <li>3. Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e da memoria colectiva.</li> <li>4. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.</li> <li>5. Colaboración entre administracións.</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento de festexos populares
Prazo necesario para a súa consecución	Anual (do 1 de xaneiro ao 8 de decembro)
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 338.48000, 15.000 euros
Plan de acción	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de entidades solicitantes e núm. de entidades beneficiarias.</li> <li>- Relación do número de solicitudes en relación cos anos anteriores.</li> <li>- Relación dos importes solicitados en relación cos anos anteriores.</li> <li>- % medio que supón a achega municipal sobre o total dos orzamentos dos proxectos solicitantes.</li> <li>- % de execución do orzamento dispoñible inicialmente.</li> <li>- Núm. de eventos realizados.</li> <li>- Núm. de actividades por evento segundo os seus tipos.</li> <li>- Núm. de días promedio de duración de cada evento.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	o punto 11 do PES.
--	--------------------

### LS 3.3. Concurso de disfraces e carrozas do Entroido en Sada

Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Participación popular, persoas físicas e asociacións sen ánimo de lucro con obxecto de representación veciñal, cultural ou deportiva.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar e promover a conservación e recreación das manifestacións da cultura popular tradicional.</li> <li>- Impulsar a participación activa da poboación na vida social e cultural e, particularmente, na conservación e difusión das tradicións.</li> <li>- Aumentar a participación dos diferentes sectores sociais e crear lazos comunitarios arredor das celebracións culturais.</li> <li>- Potenciar o coñecemento do patrimonio cultural inmaterial de Galicia.</li> </ul>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenvolvemento cultural e participación comunitaria
Prazo necesario para a súa consecución	Anual vencellado ás datas de celebración do Entroido
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	<p>Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 3340.48000, 5.850 euros</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 3 Premios categoría carrozas: 1.000 + 850 + 700 euros</li> <li>• 3 Premios categoría grupos: 700 + 500 + 300 euros</li> <li>• 3 Premios categoría individual: 300 + 200 + 100 euros</li> </ul> <p>1.200 euros a repartir entre as carrozas participantes en concepto de gastos de transporte (segundo ratios bases reguladoras).</p>
Plan de acción	<p>Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria e á súa convocatoria polo Alcalde.</p> <p>Presentadas as solicitudes de inscrición, as persoas inscritas participarán nun desfile público e nunha gala final de actuacións e entrega de premios. Un xurado, designado consonte as bases reguladoras, valorará os disfraces e carrozas segundo os criterios dispostos nas bases do concurso e ditaminará o seu resultado, que se proporá para a aprobación definitiva dos premios por Resolución de Alcaldía.</p>
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración media outorgada polo xurado aos disfraces e carrozas participantes.</li> <li>- Núm. de persoas participantes e disfraces en categoría individual.</li> <li>- Núm. de persoas participantes e disfraces en categoría grupal.</li> <li>- Núm. de persoas participantes e de disfraces en categoría carrozas.</li> <li>- Nivel de calidade e orixinalidade dos disfraces presentados.</li> <li>- % de participantes respecto ao ano anterior.</li> <li>- Impresións recollidas entre as persoas participantes.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

### LS 3.4. Mostra de Teatro Afeccionado de Sada. Premios Lugrís Freire





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Áreas de competencia afectadas	CULTURA
Sectores aos que se dirixen as axudas	Poderán participar os grupos e compañías de teatro afeccionado con montaxes teatrais que non fosen seleccionadas para participar na Mostra en edicións anteriores. Haberá unha selección previa a cargo dun comité de selección.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"><li>• Aumentar o desenvolvemento social e cultural a través das artes escénicas.</li><li>• Democratizar o acceso da poboación xeral á participación activa na cultura, ofrecendo un espazo para a exhibición das súas creacións.</li><li>• Facilitar o acceso da poboación en xeral á creación teatral, a través da programación de traballos realizados por grupos de carácter amator.</li><li>• Crear espazos para a difusión cultural no eido das artes escénicas.</li></ul>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Promoción cultural no eido das artes escénicas
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 3340.48000, 4.800 euros <ul style="list-style-type: none"><li>• 5 Premios de selección: 5 x 800 euros</li><li>• 2 Premios do público: 2 x 400 euros</li><li>• Outros diplomas e mencións sen implicación económica.</li></ul>
Plan de acción	Premio. Concurso de participación voluntaria no que a solicitude canalízase a través da fórmula de inscrición previa, segundo os requisitos que establecerán as bases reguladoras. Haberá unha fase previa de selección a cargo dun xurado de persoas expertas, que seleccionarán ás 5 finalistas. Programa de representacións teatrais das compañías finalistas, con valoración directa a cargo do público a través da fórmula de enquisa de avaliación. Os premios outorgaranse tras cálculo matemático segundo o resultado das valoracións do público e do xurado. Os premios ingresarán mediante transferencia bancaria á conta das entidade ou das persoas representantes.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"><li>- Núm. de candidaturas recibidas.</li><li>- Volume de público asistente.</li><li>- % de puntuación outorgada polo público en relación coa máxima puntuación posible.</li><li>- Relación da puntuación acadada polas obras a concurso respecto ao ano anterior.</li></ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

### LS. 3.5. Subvención nominativa dirixida á Fundación Sargadelos para os gastos de persoal relacionados coa apertura ao público e o mantemento da actividade no museo de arte contemporánea Carlos Maside



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Áreas de competencia afectadas	CULTURA
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades propietarias de museos no Concello de Sada
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Manter a actividade do Museo de arte contemporánea Carlos Maside e contribuír cos gastos da apertura ao público.</li> <li>2. Apoiar a actividade de divulgación cultural e artística que se pode desenvolver dende o único museo de arte contemporánea situado no Concello de Sada.</li> <li>3. Promover o coñecemento público da arte pictórica contemporánea de Galicia, difundir o valor dos contidos do Museo Carlos Maside entre a poboación escolar sadense e potenciar o valor cultural e turístico desta instalación, considerada Ben de Interese Cultural de Galicia.</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	<p>Contribuír á conservación e a divulgación das obras de arte que atesoura o Museo Carlos Maside.</p> <p>Difundir o coñecemento dos valores artísticos e a comprensión da súa relevancia histórica.</p> <p>Mellorar o coñecemento e conservación do patrimonio cultural de Galicia a través do valor e a relevancia do Museo Carlos Maside e os seus fondos pictóricos.</p>
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026, partidas orzamentarias: 333.48016: Fundación Sargadelos - 15.000 €. Total 15.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	<p>Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista.</p> <p>Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio.</p> <p>Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.</p>
Réxime de seguimento e avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. % da subvención concedida e correctamente xustificada.</li> <li>2. Núm. de días e horas anuais de apertura do museo ao público.</li> <li>3. Núm. de visitantes anual.</li> <li>4. Núm. de visitas escolares e de grupos organizados recibidas.</li> </ol>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

#### LIÑA ESTRATÉXICA 4: PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promover o deporte, a actividade física, o adestramento e as prácticas saudables entre a poboación e especialmente entre a xuventude.
-------------------------	--



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoiar e impulsar o desenvolvemento e organización de eventos e actividades deportivas, tanto oficiais como populares a nivel comunitario, nacional ou internacional, colaborando na celebración de eventos deportivos no Concello de Sada.</li> <li>2. Axudar a deportistas e clubs deportivos para manter a súa actividade e participar en competicións de nivel.</li> <li>3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos</li> </ol>
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	<p>LS 4.1. Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada.</p> <p>LS 4.2. Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada.</p>

#### LS 4.1 Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE, SAÚDE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Deportistas individuais con recoñecemento de deportistas de alto nivel ou ben participantes en competicións deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional, de disciplinas recoñecidas pola Federación Galega de Deportes ou polo Consello Superior de Deportes.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional.</li> <li>2. Fomentar o deporte e a excelencia deportiva.</li> <li>3. Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos de alto nivel.</li> <li>4. Contribuír a facer sostible a práctica deportiva de alto nivel.</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Mantemento e fomento da práctica de deporte e do deporte federado de alto nivel
Prazo necesario para a súa consecución	Por tempada (do 1 de outubro ao 30 de setembro) ou anual (1 de xaneiro a 31 de decembro)
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria: 341.48000, 10.500€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de deportistas beneficiarios.</li> <li>- Núm. de competicións nas que se participou.</li> <li>- Núm. de deportes promovidos.</li> <li>- Núm. de deportistas con recoñecemento de "deportista de alto nivel"</li> <li>- Puntuación acadada polos proxectos deportivos presentados en relación coa puntuación máxima.</li> <li>- Puntuación acadada polas persoas solicitantes nos resultados deportivos obtidos na tempada, en relación coa puntuación máxima.</li> <li>- % de beneficiarias participantes en competicións internacionais.</li> <li>- % de beneficiarias participantes en competicións nacionais.</li> <li>- % de incremento de beneficiarias por deporte respecto do ano anterior.</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.
--------------------------	--

#### LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada.

Áreas de competencia afectadas	DEPORTE, SAÚDE
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades deportivas do Concello de Sada sen ánimo de lucro.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>Promover a actividade física e o deporte como hábito de vida e de ocio saudable.</li> <li>Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional.</li> <li>Fomentar a práctica deportiva e aumentar o número de persoas activas, federadas e participando nos clubs deportivos do Concello.</li> <li>Promover a representación deportiva de Sada nos eventos deportivos.</li> <li>Fomentar o traballo en equipo</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Promover a práctica deportiva e a participación activa da poboación en actividades físicas e deportivas
Prazo necesario para a súa consecución	Por período anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión: 2024-2026. Partida orzamentaria: 341.48000, 80.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria pola Xunta de Goberno Local e a súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Núm. de entidades solicitantes e de beneficiarias.</li> <li>Núm. de competicións nas que participou cada entidade.</li> <li>Núm. de eventos deportivos organizados no Concello de Sada.</li> <li>Núm. de deportes promovidos.</li> <li>% de beneficiarias participantes en competicións internacionais.</li> <li>% de beneficiarias participantes en competicións nacionais.</li> <li>% de beneficiarias participantes en competicións galegas.</li> <li>% de beneficiarias participantes en competicións provinciais.</li> <li>% de beneficiarias participantes en competicións locais.</li> <li>% de beneficiarias por deporte respecto do ano anterior.</li> <li>% de execución do orzamento previsto.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

#### LIÑA ESTRATÉXICA 5: EDUCACIÓN

Obxectivos estratéxicos	Potenciar actividades formativas e outro tipo de actividades de crecemento e desenvolvemento persoal baseado en valores, como complemento da educación, favorecendo a participación das familias na vida escolar.
-------------------------	---



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
 Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
 15160 Sada  
 (A Coruña)  
 Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> <li>Potenciar a actividade dos centros educativos públicos de Sada e das ANPAS e apoiar a realización doutras actividades que propicien a participación e o encontro entre o alumnado.</li> <li>Apoiar ás familias nos custos derivados coa educación regrada.</li> <li>Fomentar actividades extraescolares e complementarias ao currículo escolar.</li> <li>Ofrecer opcións lúdicas e formativas para favorecer a conciliación dos horarios escolares e laborais.</li> <li>Promover a autonomía e a atención ás persoas en situación de risco de exclusión social.</li> </ol>
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	<p>LS 5.1. Axudas para transporte escolar.</p> <p>LS 5.2. Axudas a entidades educativas.</p> <p>LS 5.3. Axudas nominativas para a actividade anual das ANPAS.</p> <p>LS 5.4. Axudas nominativas dirixidas a ANPAS que xestionan comedores escolares.</p>

### LS 5.1 Subvención para gastos de transporte escolar.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	<p>Familias con membros que cursen algún dos seguintes estudos dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, empadroados en Sada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Educación secundaria (ESO e ESA).</li> <li>* Bacharelato- FP/Ciclos formativos.</li> <li>* Estudos universitarios.</li> <li>* Calquera estudo oficial homologado a nivel estatal.</li> </ul>
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>Apoiar unhas condicións que faciliten o acceso universal á educación.</li> <li>Apoiar os gastos que as familias realicen na educación obrigatoria e propiciar a solidariedade e a integración de todo o alumnado.</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Dotar ás familias das condicións básicas para a educación dos seus fillos e fillas.
Prazo necesario para a súa consecución	Curso escolar (setembro - xullo)
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión: 2024-2026. Partida orzamentaria: 326.48011: 15.000€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concesión directa / concorrencia non competitiva. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e á súa convocatoria pola Xunta de Goberno Local. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de beneficiarias da subvención.</li> <li>- % de axuda sobre o orzamento total.</li> <li>- % de axudas concedidas a cada nivel formativo.</li> <li>- % de persoas beneficiarias por xénero.</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	- % de incremento ou decrecemento de solicitudes en relación co ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

#### LS 5.2 Axudas nominativas dirixidas aos centros escolares de Sada.

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades educativas
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a actividade dos centros escolares sadenses. 2. Apoiar os programas e actividades complementarias que promovan o valor como diálogo, o valor da convivencia, o valor da solidariedade e a conciliación da vida laboral e familiar.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Estimular ao alumnado e aumentar o grado de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Reforzar a capacidade dos centros escolares para organizar actividades educativas complementarias ao currículo oficial.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026, partidas orzamentarias: 326.48016: CEIP Mosteirón, 4.380 €. IES Mosteirón, 1.600 €. CEIP Sada e Contornos, 3.060 €. CEIP Pedro Barrié de la Maza, 6.975 €. IES Isaac Díaz Pardo, 5.610 €. Total 21.625 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederáase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	- Núm. de persoas beneficiarias da subvención. - % de axuda con respecto ao orzamento total. - % de beneficiarias indirectas da axuda. - Núm. e características das actividades desenvolvidas en relación aos anos anteriores.
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

**LS 5.3. Axudas para a actividade anual das ANPAs.**

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Asociacións de nais e pais de alumnas/os
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación durante o período da escolarización obrigatoria. 2. Apoiar os programas e actividades complementarias que promovan o valor como diálogo, o valor da convivencia, o valor da solidariedade e a conciliación da vida laboral e familiar.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Estimular ao alumnado e á cidadanía e aumentar o grado de convivencia entre eles e o compromiso co proceso educativo, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de nais e pais nos centros educativos
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión: 2024-2026. Partida orzamentaria: 2310.48000 e partida orzamentaria 326.48016: 19.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia competitiva. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e á súa convocatoria pola Xunta de Goberno Local. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación	- Núm. de beneficiarias da subvención. - % de axuda sobre o orzamento total. - Núm. e características das actividades realizadas en relación co ano anterior. - % de beneficiarias indirectas da axuda.
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

**LS 5.4. Axudas nominativas para xestionar o servizo de comedor escolar.**

Áreas de competencia afectadas	EDUCACIÓN
Sectores aos que se dirixen as axudas	Asociacións de nais e pais de alumnas/os que xestionen comedores escolares.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1. Apoiar a educación durante o período da escolarización obrigatoria. 2. Contribuír cos gastos de xestión do comedor escolar. 3. Favorecer a igualdade do alumnado na etapa de escolarización obrigatoria, compensando os posibles problemas derivados dunha situación económica familiar precaria.





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Fomentar a igualdade entre o alumnado. Consolidar a participación de pais e nais nos centros educativos
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión: 2024-2026: ANPA Pedro Barrié de la Maza, 41.800 € Total 41.800 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"><li>- Núm. de beneficiarias que acceden ao servizo con respecto ao ano anterior.</li><li>- % de solicitudes recibidas en relación co núm. final de persoas beneficiarias.</li><li>- Núm. de solicitudes denegadas e identificación dos motivos.</li><li>- Evolución do nivel de renda medio das persoas beneficiarias en relación cos anos anteriores.</li></ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

#### LIÑA ESTRATÉXICA 6: SEGURIDADE CIDADÁ.

Obxectivos estratéxicos	Apoiar o funcionamento e mantemento da actividade do sector asociativo voluntario no ámbito da protección civil no ámbito municipal.
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"><li>- Fomentar a organización de campañas de captación e fomento de persoal voluntario en materia de protección civil.</li><li>- Impulsar a colaboración entre o Servizo de Emerxencias Municipal e a actividade de seguridade cidadá do Concello de Sada e a actividade do voluntariado en materia de protección civil, no ámbito das actividades recreativas e espectáculos públicos, no ámbito da asistencia social ou en</li></ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>situacións de alerta ou de emerxencia declarada, dentro do marco establecido na normativa vixente.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecer liñas de colaboración entre o voluntariado e os servizos públicos de protección civil na organización e calquera tipo de evento.</li> <li>- Promover a colaboración cos servizos municipais nas actividades requiridas nos ámbitos do apoio loxístico e a asistencia sanitaria, no marco da normativa vixente.</li> </ul>
Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación	LS 6.1 – Subvención nominativa dirixida á Agrupación Voluntarios Protección Civil de Sada para realizar accións de impulso, mantemento e reforzo dos servizos relacionados coa súa finalidade estatutaria.

**LS 6.1 – Subvención nominativa dirixida á Agrupación Voluntarios Protección Civil de Sada para realizar accións de impulso, mantemento e reforzo dos servizos relacionados coa súa finalidade estatutaria.**

Áreas de competencia desenvolvidas	PROTECCIÓN CIVIL
Sectores aos que se dirixen as axudas	Asociacións de voluntarios de protección civil do Concello de Sada
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Impulsar a actividade e o servizo que presta esta asociación a favor da cidadanía.</li> <li>2. Promover a actividade xeral da asociación, como os desprazamentos do persoal voluntario en exercicio das súas funcións ou as accións de formación e capacitación do persoal voluntario.</li> <li>3. Facer sostible a posta en marcha da asociación e subvencionar gastos xerais como as pólizas de seguros e accidentes, os seguros dos posibles vehículos en propiedade ou cedidos, a compra de vestiario e material non inventariable (vida útil inferior a 1 ano).</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción da viabilidade do voluntariado en materia de protección civil de interese xeral.</li> <li>- Establecemento dunha fórmula estable de colaboración do voluntariado cos servizos públicos municipais.</li> <li>- Consolidación da actividade e funcións da Agrupación Voluntarios Protección Civil de Sada segundo as finalidades estatutarias e a normativa vixente.</li> </ul>
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026: Partida orzamentaria 135.48016, 10.000 euros
Plan de acción	<p>Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista.</p> <p>Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio.</p> <p>Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.</p>
Réxime de seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Núm. de persoas voluntarias adscritas á Agrupación.</li> <li>- Núm. de campañas de captación de persoas voluntarias realizadas no ano da</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>convocatoria.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Núm. de colaboracións efectivas realizadas cos servizos municipais.</li><li>- Núm. medio de persoas voluntarias implicadas en accións de colaboración cos servizos municipais por actividade realizada.</li><li>- Núm. de intervencións de colaboración cos servizos municipais por tipo ou finalidade.</li></ul>
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

## ANEXO II: RESUMO AVALIACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023

### I. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NO PES 2023 DURANTE A SÚA VIXENCIA

Non se realizou ningunha modificación ao plan, que se aprobou cunha vixencia extraordinariamente curta.

### II. MEMORIAS DE AVALIACIÓN DE CONVOCATORIAS EFECTUADAS DAS QUE SE DEU CONTA AO PLENO DURANTE A VIXENCIA DO PES 2023



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Debido á curta vixencia do PES 2023, as memorias de avaliación comunicaranse conxuntamente coa proposta do novo PES 2024 – 2026.

### III. CONCLUSIÓNS DAS MEMORIAS ELABORADAS PES 2023

CONCLUSIÓNS LIÑA ESTRATÉXICA 1: PROMOCIÓN ECONÓMICA	
LIÑA DE SUBVENCIONS	CONCLUSIÓNS
	Non se planificou ningunha liña de subvención para este período

CONCLUSIÓNS LIÑA ESTRATÉXICA 2: ACCIÓN SOCIAL	
LIÑA DE SUBVENCIONS	CONCLUSIÓNS
Subvencións para axudas para situacións de emerxencia social para o ano 2023 (LS 2.1 do PES 2023)	<p>a. Concedéronse un total de 338 axudas, relacionadas con alimentación e hixiene (246), uso e mantemento da vivenda (53) e outros de carácter básico (39).</p> <p>b. As solicitudes de axuda resolvéronse negativamente en 56 casos.</p> <p>c. No ano 2023 concedéronse axudas por un importe de 48.989,07 euros, o cal supón unha porcentaxe de execución sobre o orzamento dispoñible dun 26,38%. Pero esta acción de fomento acompáñase das accións que se realizan no marco do POS Social, sostido con fondos provinciais.</p> <p>d. A dotación inicial desta partida parece estar sobredimensionada, pero propónse manter o mesmo orzamento para o período 2024-2026. Esta decisión apóiase no proceso de reforma do Regulamento de Emerxencia Social, actualmente en proceso de tramitación. O novo Regulamento prevé ampliar os supostos nos que se pode solicitar a axuda e, de forma conxunta, prevé duplicar o importe máximo que se pode conceder por persoa beneficiaria.</p> <p>e. As axudas de inclusión social, emerxencia municipal, constitúen un apoio fundamental e necesario para, por unha banda garantir apoio económico para cubrir necesidades básicas, pero tamén para favorecer a eficacia e adecuación das axudas á súa finalidade, desenvolvendo proxectos de traballo social e/ou socioeducativos na procura de mellorar a situación das persoas</p>
Subvención dirixida ao apoio a programas que promovan a autonomía das persoas para o ano 2023 (LS 2.2 do PES 2023)	<p>a. Recibíronse 5 solicitudes de entidades que contribúen á mellorar a autonomía de persoas en situación de vulnerabilidade, todas as previstas nas bases de execución do Orzamento municipal. As entidades beneficiarias asinaron os respectivos convenios co Concello de Sada, obtendo os seguintes resultados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ASPACE CORUÑA: recibiron unha axuda de 6.000 euros para un proxecto de «Actividades de ocio e deporte para as persoas usuarias de ASPACE Coruña residentes no Concello de Sada». Xustificaron un total de 9.217,23 euros que se destinaron a sufragar os gastos do persoal necesario para organizar e realizar un programa de actividades físicas e deportivas para mellorar a calidade de vida das persoas con parálise cerebral, nos ámbitos psíquico, físico e social.</li> <li>▪ FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA: recibiron unha axuda de 1.200 euros para un proxecto de «Actividades Fundación». Xustificaron un total de 1.343,24 euros cos que se sufragaron gastos de aseguramento de riscos e de imprenta, relacionados coa actividade xeral da Fundación, na que se inclúen</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>servizos de información e asesoramento, planificación de apoios e curatela, ao conxunto de persoas e familias asociadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CRUZ VERMELLA SADA: a entidade recibiu unha axuda de 3.000 euros para o proxecto denominado «Financiamento de actividades e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 3.342,87 euros, correspondentes ao 50% dos custos salariais de 2 mensualidades da persoa que realiza a labor de coordinación da actividade da entidade. Na memoria presentada compróbase que esta axuda contribuíu ao financiamento de actividades de axuda a persoas en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, como o reparto de alimentos, de produtos de hixiene, de produtos sanitarios, un programa de axudas ao transporte, un proxecto de eficiencia enerxética con persoas en situación de risco, así como intervencións sociais como as do proxecto «Enrédate» de acompañamento a persoas con limitación físico-psíquico-sensorial. En total, a axuda contribuíu a manter a actividade da entidade, chegando a un total de 349 persoas beneficiarias.</li> <li>▪ CÁRITAS PARROQUIAL SADA: a entidade recibiu unha axuda de 3.000 euros para o proxecto denominado «Financiamento de bolsas de alimentos». Xustificaron un total de 3.104,97 euros, correspondentes á compra de produtos de alimentación a diferentes empresas de distribución. A axuda contribuíu a levar a acción de reparto de alimentos a 44 familias, cun total de 114 persoas beneficiarias.</li> <li>▪ ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI: a entidade recibiu unha axuda de 2.000 euros para o proxecto denominado «Financiamento de axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauis». Presentaron gastos por un importe total de 2.669,63 euros, correspondentes á compra de alimentos que sumaron á súa acción solidaria nos campamentos de refuxiados saharauis situados no suroeste de Alxeria, nunha zona desértica denominada a Hamada Alxerina, onde a asociación contribúe a mellorar as condicións de alimentación de 2.600 persoas refuxiadas.</li> </ul>
--	---

CONCLUSIÓNS LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROMOCIÓN CULTURAL, LECER E ACTIVIDADES FESTIVAS	
LIÑA DE SUBVENCIÓNS	CONCLUSIÓNS
Subvencións dirixida a entidades sen ánimo de lucro para organizar actividades culturais para o ano 2023 (LS 3.1 do PES 2023)	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Valórase positivamente o resultado e propónse manter a liña de subvencións, cunha proposta de recomendacións para as bases reguladoras.</li> <li>b. Aumento de 1 solicitude con respecto ao ano anterior, no que xa se rexistrou un aumento de 4 solicitudes con respecto ás convocatorias anteriores.</li> <li>c. Execución orzamentaria dun 87,47%, un nivel similar ao da edición anterior.</li> <li>d. Aumento dun 34,62% no número de actividades de longa duración subvencionadas con respecto ao ano anterior.</li> <li>e. Diminución dun 12,66% no número de actividades puntuais subvencionadas con respecto ao ano anterior.</li> <li>f. Aumento significativo do investimento declarado polas entidades beneficiarias para a execución dos proxectos culturais realizados. A porcentaxe media de financiamento que supón a axuda municipal en relación co gasto realizado polas</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>entidades beneficiarias foi dun 20,45%.</p> <p>g. Necesidade de publicar a convocatoria dentro do primeiro semestre de cada ano, acordar uns criterios de valoración e de xustificación estables para todo o período.</p>
<p>Subvencións dirixida a entidades organizadoras das festas patronais parroquiais do Concello de Sada para o ano 2023 (LS 3.2 do PES 2023)</p>	<p>a. Valórase positivamente o resultado e propónse manter a liña de subvencións, cunha proposta de recomendacións para as bases reguladoras.</p> <p>b. Aumento de 1 solicitude con respecto ao ano anterior.</p> <p>c. Execución orzamentaria dun 84,41%, un nivel moi similar ao da edición anterior.</p> <p>d. Aumento destacado dos gastos totais de execución dos proxectos, xustificados polas entidades beneficiarias.</p> <p>e. Aumento do número total de días de actividade festiva que supoñen os proxectos subvencionados e do número medio de días de duración de cada festa patronal.</p> <p>f. Aumento do número total e do número medio de orquestras, grupos musicais e de actividades gastronómicas subvencionados por cada festa patronal.</p> <p>g. A porcentaxe media de financiamento que supón a axuda municipal en relación co gasto realizado polas entidades beneficiarias foi dun 22,12%.</p> <p>h. Necesidade de publicar a convocatoria no primeiro semestre de cada anualidade.</p>
<p>Subvencións dirixida a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais para o ano 2023 (LS 3.3 do PES 2023)</p>	<p>Non se convocou esta liña no ano 2023 por estar o Orzamento prorrogado e non ser prorrogable o capítulo 6, de investimentos.</p>
<p>Subvención nominativa dirixida á Federación pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) para organizar a XVI edición do Encontro de Embarcacións Tradicionais en Sada no ano 2023 (LS 3.4 do PES 2023)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FEDERACIÓN POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL (CULTURMAR): recibiron 30.000 euros, segundo o acordado polo Pleno Municipal, para organizar o XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. O importe da axuda foi destinado, tal como se recolleu no convenio asinado por ambas partes, á <i>organización e realización do XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, entre o 3 e o 6 de agosto en Sada, incluíndo entre outras aquelas derivadas da organización do III Convoi Tesa a Escota (navegación conxunta con rumbo a Sada e en condicións de seguridade das embarcacións participantes no XVI Encontro)</i>. A beneficiaria aportou unha xustificación correcta do proxecto executado, por un importe de 30.036,37 euros.</li> </ul>

CONCLUSIÓN LIÑA ESTRATÉXICA 4: PROMOCIÓN DO DEPORTE	
LIÑA DE SUBVENCIÓNS	CONCLUSIÓN
<p>Subvencións Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada para o 2023 (LS 4.1 do PES 2023)</p>	<p>a. A subvención está a cumprir co seu obxectivo pero deben endurecerse os requisitos para ser beneficiaria da axuda, coa finalidade de incidir con máis eficacia sobre a poboación deportista de alto nivel.</p> <p>b. O número total de deportistas beneficiarias da convocatoria 2022/2023 foi de 25, representando un aumento de 2 solicitudes con respecto ao ano anterior.</p>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<ul style="list-style-type: none"><li>c. A convocatoria ven rexistrando un aumento suave pero continuado do número de solicitantes nas últimas convocatorias.</li><li>d. A execución orzamentaria é do 100%. As persoas solicitantes presentan unha xustificación de gastos que supera aos importes de axuda que lles corresponden tras aplicar os criterios de valoración das bases reguladoras.</li><li>e. Poucas solicitantes presentan un alto nivel de competición, con participación en probas internacionais, campionatos de Europa ou campionatos mundiais. Dúas solicitantes superan a decena de competicións deste nivel. Outras dúas participaron en 7-8 probas deste alto nivel. Nesta convocatoria rexistrouse un promedio de 2,76 probas de nivel internacional, europeo ou mundial por solicitante.</li><li>f. A puntuación acadada polas deportistas solicitantes polo mérito dos seus proxectos deportivos acadou un 61,72% da puntuación máxima posible.</li><li>g. A puntuación acadada polas persoas solicitantes polo mérito dos seus resultados deportivos acadou un 60,89% da puntuación máxima posible. Neste caso, 7 solicitantes non presentaban ningún resultado puntuable nas categorías de nivel valoradas nesta convocatoria (nacional, internacional, europea, mundial). Ao mesmo tempo, 9 das solicitantes acadaron a puntuación máxima no apartado de resultados deportivos obtidos, segundo os criterios da convocatoria.</li><li>h. Pode ser necesario endurecer os requisitos para ser beneficiaria desta axuda, definindo dun xeito máis rigoroso o nivel de competición mínimo, así como o alcance do proxecto e dos resultados deportivos das persoas solicitantes.</li><li>i. Solicitar e valorar os recoñecementos de "Deportista de alto nivel", "Deportista Galego/a de alto nivel" ou "Deportista de alto rendemento"</li></ul>
Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Sada (LS 4.2 do PES 2023)	<ul style="list-style-type: none"><li>a. A convocatoria de axudas está a acadar bos resultados. Nesta edición recibíronse 13 solicitudes, unha máis que nas convocatorias anteriores, con representación de 8 deportes diferentes. A acción de fomento desta liña de axudas está a chegar practicamente ao 100% do sector deportivo, exceptuando quizais clubs de nova formación.</li><li>b. Compróbase que esta liña de axudas está a contribuír a manter e reforzar o deporte base, a implantación do deporte feminino e as accións de inclusión de deportistas con diversidade funcional, despois de analizar as puntuacións acadadas na valoración dos criterios.</li><li>c. Aplicar o baremo da colaboración con eventos deportivos desenvolvidos polo Concello de Sada resulta difícil, posto que o habitual é que sexa o Concello quen colabora coa organización de eventos deportivos, a solicitude dos clubs organizadores. Pode ser recomendable modificar ou desbotar este criterio para vindeiras convocatorias.</li><li>d. Recomendar un incremento do orzamento da convocatoria ante o aumento do número de clubs solicitantes, tendo en conta que os orzamentos de gasto destas entidades van en aumento e son moi superiores ao importe da axuda municipal. As entidades solicitantes xustificaron gastos por importe de 121.983,71 euros. A axuda municipal unicamente representou un 48,29% sobre o orzamento de gasto xustificado.</li></ul>





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>e. Manter a opción de requirir na fase de presentación tanto a documentación de solicitude como a de xustificación dos gastos realizados, coa finalidade de reducir os trámites e axilizar a resolución da convocatoria.</p> <p>f. Aceptar as explicacións da Federación Galega de Fútbol e propoñer que nas vindeiras convocatorias se consideren válidos os documentos xustificativos emitidos por esta entidade, a pesares de non conter sinatura dixital. A Federación de Fútbol comunicou que a documentación de xustificación que os clubs descargan da súa propia web é comprobable e verídica, pero que lles resulta materialmente imposible emitir certificados asinados para a inxente cantidade de solicitudes de certificacións que reciben, habida conta da enorme cantidade de clubs que practican este deporte en toda Galicia.</p> <p>g. Acordar coa Intervención Municipal uns criterios que poidan permanecer estables durante a vixencia do PES e que eviten desigualdades entre disciplinas deportivas na achega de xustificantes de pago.</p> <p>h. Moitos clubs xustifican gastos presentando o abono da ficha federativa dos seus deportistas. Comprobamos que na xustificación da bolsa para deportistas de nivel, moitos deportistas xustifican parte dos gastos realizados presentando os xustificantes do pago da cota federativa. Débese comprobar para evitar estar subvencionando o mesmo concepto en dúas liñas de subvención diferentes. Proponse que só se acepten como válidos a efectos de xustificación os pagos de cotas federativas que fagan os clubs cando subvencionen aos seus deportistas e estes non teñan que abonar ese pago.</p>
<p>Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Sada para realizar investimentos deportivos (LS 4.3 do PES 2023)</p>	<p>Non se convocou esta liña no ano 2023 por estar o Orzamento prorrogado e non ser prorrogable o capítulo 6, de investimentos.</p>

CONCLUSIÓN LIÑA ESTRATÉXICA 5: EDUCACIÓN	
LIÑA DE SUBVENCIÓNS	CONCLUSIÓN
<p>Subvencións para afrontar os gastos que orixina o comezo do curso escolar para o 2023 (LS 5.1 do PES 2023)</p>	<p>a. O número total de familias beneficiarias da convocatoria 2023/2024 foi de 27 familias, representando un total de 37 persoas en idade escolar.</p> <p>b. A demanda rexistrada nesta convocatoria ven rexistrando unha redución de solicitantes dende a primeira edición, no curso 2019/2020, excepto pola edición 2023/2024, na que se rexistrou un lixeiro aumento en relación á convocatoria anterior, pero quedándose nun número de solicitantes menor que no curso 2020/2021.</p> <p>c. Os importes de axudas finalmente concedidas ven rexistrando tamén unha redución progresiva dende a súa primeira edición, excepto por un lixeiro aumento na edición 2023/2024 en relación coa edición anterior.</p> <p>d. A execución orzamentaria é moi pequena. Na edición 2023/2024 non chega ao 15% do orzamento dispoñible. O ano de mellor porcentaxe de execución as axudas pagadas representaron tan só un 37,54% do orzamento dispoñible.</p>
<p>Subvencións para</p>	<p>a. O número total de solicitudes correctas admitidas foi de 99, con 5 solicitudes</p>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

transporte escolar (LS 5.2 do PES 2023)	<p>rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria.</p> <p>b. A convocatoria 2023/2024 supón unha achega municipal para contribuír cos gastos de transporte de case 100 persoas estudantes de estudos comprendidos entre a etapa do Bacharelato ata os estudos universitarios ou a educación para persoas adultas.</p> <p>c. Constátase un incremento significativo da demanda social de esta axuda, cun aumento no importe da concesión definitiva dun 210,58% con respecto ao ano anterior.</p> <p>d. A elevada demanda superou o orzamento inicial e fixo necesario aprobar unha ampliación do orzamento, sendo a primeira vez que se da esta circunstancia dende que se convoca esta liña de axudas.</p>
Subvencións nominativas para entidades educativas para o 2023 (LS 5.3 do PES 2023)	<p>a. Recibíronse 4 solicitudes de ANPAs coas que se asinaron os respectivos convenios. A ANPA Virxe do Carme non solicitou a axuda por atoparse nun proceso de cambio de directiva.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ ANPA SADA Y CONTORNOS: recibiron 3.500 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 7.199,08 euros que se destinaron a actividades extraescolares e escolas deportivas, co obxectivo de reforzar a acción lectiva do CEIP, colaborar cos gastos de actividades complementarias ao currículo escolar e facilitar alumnado e aportar recursos para facilitar a conciliación. Cifran a poboación destinataria en 120 rapaces e rapazas.</li><li>▪ ANPA QUINTÁN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA: estaba prevista unha subvención nominativa de 3.000 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Pendente de resolución por completar a xustificación fóra de prazo.</li><li>▪ ANPA CEIP O MOSTEIRÓN: recibiron 3.000 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 7.638,71 euros para a realización de actividades extraescolares e funcionamento da ANPA, xestión dos servizos de madrugadores, ludoteca, teatro trilingüe e inglés, das que se beneficiaron unhas 102 alumnas e alumnos.</li><li>▪ ANPA AS BRAÑAS – IES ISAAC DÍAZ PARDO: recibiron 3.000 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 8.833,77 euros para a realización dun banco de libros de texto, colaborar coa organización do acto de graduación e coa organización de varias viaxes culturais impulsadas polos departamentos de linguas estranxeiras do IES.</li><li>▪ ANPA VIRXE DO CARME (IES O Mosteirón): non solicitaron a axuda por atoparse nun proceso de cambio de directiva.</li></ul> <p>b. Recibíronse solicitudes dos 3 CEIPs e dos 2 IES, cos que se asinaron os respectivos convenios.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ CEIP O MOSTEIRÓN: recibiron 1.500 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e</li></ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 5.392,97 euros en compra de material funxible de uso diario relacionado co funcionamento do centro, reparacións e mantemento de equipos informáticos e en contratación de actividades complementarias ao currículo escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IES O MOSTEIRÓN: recibiron 1.500 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 1.903,00 euros con gastos relacionados co desprazamento do alumnado para asistir a actividades lectivas programadas fóra do recinto escolar das que participaron unhas 296 alumnas e alumnos do centro.</li> <li>▪ CEIP SADA E CONTORNOS: recibiron 3.000 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 3.055,19 euros, que empregaron na organización de visitas de carácter educativo fóra do centro escolar, reparacións e gastos de funcionamento do equipamento informático, compra de material funxible de uso escolar.</li> <li>▪ CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA: recibiron 4.500 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 5.395,00 para sufragar gastos de desprazamento do alumnado para visitas escolares nas que participaron 463 alumnas e alumnos do centro.</li> <li>▪ IES ISAAC DÍAZ PARDO: recibiron 3.500 euros para un proxecto de «Actividades complementarias, material escolar diverso, reparacións e mantemento e gastos de funcionamento». Xustificaron un total de 4.004,00 euros en gastos de desprazamento do alumnado para organizar visitas escolares nas que participou o alumnado de todos os cursos da E.S.O.</li> </ul>
--	--

CONCLUSIÓNS LIÑA ESTRATÉXICA 6: COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO, IGUALDADE E PARTICIPACIÓN SOCIAL	
LIÑA DE SUBVENCIÓNS	CONCLUSIÓNS
Subvención para gastos derivados da execución do programa «Vacacións en Paz»	<p>Tramitación integrada coa LS 2.2 de apoio a programas que promovan a autonomía das persoas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI: a entidade recibiu unha axuda de 2.000 euros para o proxecto denominado «Financiamento de</li> </ul>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

	<p>axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauis». Presentaron gastos por un importe total de 2.669,63 euros, correspondentes á compra de alimentos que sumaron á súa acción solidaria nos campamentos de refuxiados saharauis situados no suroeste de Alxeria, nunha zona desértica denominada a Hamada Alxerina, onde a asociación contribúe a mellorar as condicións de alimentación de 2.600 persoas refuxiadas.</p>
--	--

Sada, na data da sinatura dixital.  
O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández